

## O artista nicaraguano Manuel Alaníz ofrece unha master class sobre muralismo e cambio social

**O ilustrador Kiko da Silva abrirá a conferencia ás 19:00 horas na Facultade de Belas Artes, no marco dun encontro do proxecto europeo People & Planet**

*Pontevedra, 31 de outubro de 2022.* O muralista nicaraguano Manuel Alaníz ofrecerá este mércores 2 de novembro unha master class aberta ao público na Facultade de Belas Artes da Universidade de Vigo, ubicada no campus de Pontevedra. Kiko da Silva, ilustrador e monitor dos [obradoiros de debuxo urbano](#) do proxecto europeo People & Planet, será o encargado de presentar ao conferenciante, ás 19:00 horas no denominado 'Espazo 16'. A charla, **organizada polo Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade**, contará con tradución simultánea ao inglés e as persoas asistentes recibirán un ecoagasallo.

Baixo o título '**O poder transformador da pintura mural**', Alaníz exporá como traballan na Fundación de Apoio al Arte Creador Infantil (FUNARTE), que emprega a arte para impulsar a participación social da xente nova, facéndoa partícipe do desenvolvemento comunitario. En liña coas tendencias do activismo, a organización centroamericana **promove a arte como motor de cambio**, ao tempo que as nenas, nenos e adolescentes fortalecen a súa identidade cultural e transforman espazos, favorecendo o respecto e a igualdade. A través de murais públicos colectivos, avogan ademais polo cumprimento dos seus dereitos.

O primeiro contrato de Manuel Alaníz coa pintura libre tivo lugar hai máis de tres décadas, cando era un neno de só once anos, e a súa traxectoria céntrase no muralismo. Como educador artístico, ten experiencia asemade en Guatemala, Francia, Irlanda, Bélxica ou Palestina. Agora acaba de chegar de **Holanda, onde traballou con alumnado** de distintos centros educativos sobre os [Obxectivos de Desenvolvemento Sostible](#) da man do Consello Nacional para Irmandamentos entre Cidades de Países Baixos e Nicaragua (LBSNN).

A súa charla encádrase na xuntanza do proxecto [People & Planet](#), que busca **implicar á xente nova na loita contra o cambio climático e reforzar aos gobernos locais** na promoción de políticas públicas a prol do desenvolvemento sostible. Neste senso, representantes de organizacións e municipios de **Portugal, Alemaña, Irlanda, Italia, Polonia, Romanía, Países Baixos e Galicia** daranse cita en Pontevedra os días 3 e 4 de novembro, co fin de avaliar -por primeira vez de xeito presencial- a marcha do proxecto, compartir boas prácticas e favorecer a aprendizaxe mutua.



A axenda de traballo inclúe unha sesión para **intercambiar experiencias arredor da implementación da Axenda 2030 a nivel local**, o xoves ás 12:00 horas. O Concello de Cabanas presentará o seu plan de acción para “localizar” os ODS, o Ayuntamiento de Bilbao exporá como chegou a converterse en sede do Secretariado da Coalición Local 2030 e FELCOS Umbria compartirá a súa visión como asociación de municipios para o desenvolvemento sostible en Italia, mentres que as vilas portuguesas de Palmela e Grândola explicarán tamén as súas iniciativas. Por outra parte, entidades como Agareso ou Dálle que Dálle achegarán a súa experiencia dinamizando as actividades de **comunicación de guerrilla e os Consellos Climáticos Xuvenís**, respectivamente.

### #PeopleAndPlanet

O proxecto '[People & Planet](#): un destino común' ten como obxectivo concienciar as mozas e mozos europeos sobre as graves consecuencias do cambio climático para que se convertan en axentes de transformación na procura dun mundo máis sustentable. A iniciativa, que botou a andar en novembro de 2020 e que se prolongará durante catro anos, busca tamén reforzar aos gobernos municipais na promoción de políticas a prol do desenvolvemento sostible, tendo en conta a interdependencia local-global. Procúrase así contribuír a implementar a [Axenda 2030](#), en especial o **ODS 13**, que chama a adoptar medidas urxentes para loitar contra o cambio climático e os seus efectos. O plan está financiado polo programa DEAR da Comisión Europea e involucra a 17 entidades de oito estados membros da UE e Cabo Verde.

### O Fondo Galego

O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade está integrado por 100 concellos e as deputacións de Pontevedra, A Coruña e Lugo, que concentran a través desta rede os seus esforzos no eido da cooperación ao desenvolvemento. Garántese deste xeito unha xestión profesional e transparente, así como a realización de proxectos con impacto nos países do Sur Global e a sensibilización da sociedade galega a prol da solidariedade internacional. **Recoñecido como axencia municipal da cooperación galega**, o Fondo Galego chega ao seu 25 aniversario tendo desenvolvido preto de 200 proxectos en 32 países e promovendo numerosas actividades e materiais en relación aos desequilibrios Norte-Sur e a Axenda 2030

**ÁREA DE COMUNICACIÓN**  
Carmen Novas 604 040 890  
[comunicacion@fondogalego.gal](mailto:comunicacion@fondogalego.gal)

